

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día oito de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de outubro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de outubro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 18 de setembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019. (Diario Oficial de Galicia número 188, do 3 de outubro de 2019).

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, de designación de lugares públicos e locais oficiais para a realización de actos de campaña electoral, con motivo das eleccións xerais, convocadas polo Real decreto 551/2019, do 24 de setembro. (Boletín Oficial da Provincia número 191, do 8 de outubro de 2019).

- Decreto 119/2019, do 19 de setembro, da Consellería de Sanidade, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 191, do 8 de outubro de 2019).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C005/000009, por procedemento aberto simplificado abreviado, con único criterio de adjudicación, de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á Subministración de equipos de protección individualizada (EPI'S) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego "Proxedis-Proweb" durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 27 de setembro de 2019, asíñase pola axente de Desenvolvemento Local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación para a subministración de equipos de protección individualizada (EPI'S) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego “Proxedis-Proweb” durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021, cun orzamento base de licitación de 19.028,76 euros e un valor estimado de 34.597,75 euros, que contén como criterio único de valoración das proposicións o factor prezo, así como a proposta de penalidades a aplicar ao contrato e mailas condicións especiais de execución do contrato.

Este informe complementábase cun informe posterior, relativo aos criterios de solvencia e ás penalidades administrativas aplicables ao contrato, asinado pola axente de Desenvolvemento Local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con data do 2 de outubro actual.

Con data do 27 de setembro de 2019, elaborouse pola axente de Desenvolvemento Local, (coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico), a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, e na mesma data asíñase pola axente de Desenvolvemento Local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de equipos de protección individualizada (EPI'S) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego “Proxedis-Proweb” durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021, cun valor estimado de 34.597,75 euros e un orzamento base de licitación de 19.028,76 € euros IVE incluído.

Este contrato está suxeito a tramitación anticipada, xa que se atopa condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD e o proxecto Taller de Emprego, tal como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece o seguinte: *“poderán tramitarse anticipadamente os contratos cuxo financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que vaian a financiar o contrato correspondente”*.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 27 de setembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159.6 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral e máis do interventor municipais, de data 3 de outubro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias do Concello en materia de fomento do emprego e formación para a inserción laboral, de acordo co art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: *“o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias de outras administracións Públicas e, en particular, as relativas a (...) ocupación e a loita contra o paro”*, co fin de executar unha subvención solicitada e pendente de aprobación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para realizar cursos de formación ocupacional conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, con base na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) na C.A de Galicia para 2019-2020, así como a Orde do 17 de abril de 2019 do mesmo organismo pola que se procede á primeira convocatoria para os exercicios 2019-2020 (DOG núm. 86 de 07/05/2019). No caso do taller de emprego “Proxedis-Proweb”, atópase pendente de solicitude de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, con base na Orde do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Este tipo de cursos véñense realizando no noso Concello dende hai xa anos, polo que o Concello ten interese en garantir a continuidade destes servizos xa establecidos, de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local , quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico

español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C005/000009, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación, de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á "Subministración de equipos de protección individualizada (EPI'S) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego "Proxedis-Proweb" durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021", cun valor estimado de 34.597,75 euros e un orzamento base de licitación de 19.028,76 euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD e o proxecto Taller de Emprego. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, tanto a adxudicación do presente contrato, como a súa posible prórroga, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada á Xunta de Galicia.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C005/000010, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación, de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego "Proxedis-Proweb" durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 2 de outubro de 2019, asínase pola axente de Desenvolvemento Local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación para a subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego “Proxedis-Proweb” durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021, cun orzamento base de licitación de 10.979,30 euros e un valor estimado de 19.962,36 euros, que contén como criterio único de valoración das proposicións o factor prezo, así como os criterios de solvencia esixibles, a proposta de penalidades a aplicar ao contrato e mailas condicións especiais de execución do contrato.

Con data do 2 de outubro de 2019, elaborouse pola axente de Desenvolvemento Local, (coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico), a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, e na mesma data asínase pola axente de Desenvolvemento Local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego “Proxedis-Proweb” durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021, cun valor estimado de 19.962,36 euros e un orzamento base de licitación de 10.979,30 € euros IVE incluído.

Este contrato está suxeito a tramitación anticipada, xa que se atopa condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD e o proxecto Taller de Emprego, tal como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece o seguinte: *“poderán tramitarse anticipadamente os contratos cuxo financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que vaian a financiar o contrato correspondente”*.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 3 de outubro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159.6 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral e máis do interventor municipais, de data 3 de outubro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias do Concello en materia de fomento do emprego e formación para a inserción laboral, de acordo co art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: *“o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias de outras*

administracións Públicas e, en particular, as relativas a (...) ocupación e a loita contra o paro", co fin de executar unha subvención solicitada e pendente de aprobación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para realizar cursos de formación ocupacional conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, con base na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) na C.A de Galicia para 2019-2020, así como a Orde do 17 de abril de 2019 do mesmo organismo pola que se procede á primeira convocatoria para os exercicios 2019-2020 (DOG núm. 86 de 07/05/2019). No caso do taller de emprego "Proxedis-Proweb", atópase pendente de solicitude de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, con base na Orde do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Este tipo de cursos véñense realizando no noso Concello dende hai xa anos, polo que o Concello ten interese en garantir a continuidade destes servizos xa establecidos, de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C005/000010, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación, de apreciación automática, (factor prezo), correspondente á "Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego "Proxedis-Proweb" durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021", cun valor estimado de 19.962,36 euros e un orzamento base de licitación de 10.979,30 € euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

Terceiro: O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á aprobación total ou parcial dunha subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que financiará a programación de formación Plan AFD e o proxecto Taller de Emprego. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, tanto a adxudicación do presente contrato, como a súa posible prórroga, quedan suxeitas á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada á Xunta de Galicia.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes a sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 27 de setembro ao día 3 de outubro do ano que andamos, que comeza coa Resolución da Alcaldía número 1953/2019 e remata coa Resolución da Alcaldía número 1996/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1953/2019	27-09-2019	Corrección de erro material na Resolución núm. 1314/2019, do 1 de xullo
1954/2019	27-09-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de outubro de 2019
1955/2019	27-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no lugar A Pena, Sigrás. Propiedade: Herdeiros de A.P.T.
1956/2019	27-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontenla, Cambre con abundante maleza de altura superior ao metro. Propiedade: B. e T.M.A.
1957/2019	27-09-2019	Solicitude limpeza de fincas con maleza no lugar das Gamelas, Cambre. Propiedade: F.S.G.
1958/2019	27-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado da parcela sita en Cerquidos, Cambre. Propiedade: J.S.A.
1959/2019	27-09-2019	Expediente de reposición da legalidade urbanística por existencia de ruidos procedentes da actividade do local sito na rúa Pígaro, 8, O Temple. Propiedade: P.P.C., S.C.
1960/2019	27-09-2019	Permiso a J.A.T.M. para ocupación de 20 m ² da vía pública cunha terraza durante o mes de agosto, na rúa Párroco M. Cobas, 2 baixo, O Temple
1961/2019	27-09-2019	Permiso a R.P.F.A. par ocupación de 52 m ² da vía pública cunha terraza durante o mes de agosto, no Paseo Marítimo, 16 baixo, O Temple
1962/2019	30-09-2019	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por presuntas avarías nas instalacións

1963/2019	30-09-2019	Resolución pagamento nómina diferenzas do mes de setembro de 2019 por variacións producidas despois do peche por un importe bruto de 1.001,35 euros.
1964/2019	30-09-2019	Emenda do erro por omisión da contabilización da resolución número 2711/2018, do 31 de decembro de 2018.
1965/2019	30-09-2019	Recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente a facturas con reparos por importe total de 76.511,43 euros
1966/2019	30-09-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 11.766,20 euros
1967/2019	30-09-2019	Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra "Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 30.700,00 euros, así como o seu pagamento
1968/2019	30-09-2019	Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra "Pavimentación da vía municipal 00307, Sobrecarreira, Sigrás, Cambre", incluída no POS 1/2018 por maior achega provincial, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 24.906,75 euros, así como o seu pagamento
1969/2019	30-09-2019	Contrato menor para revisión de furgoneta DACIA, a prol de A.S., S. L.
1970/2019	30-09-2019	Axudas por emerxencia social alimentos a M.V.J.
1971/2019	01-10-2019	Organización, xunto co Club Baloncesto Cambre, do II Torneo 3X3 Concello de Cambre de baloncesto
1972/2019	01-10-2019	Avocación de competencias da terceira tenente de alcalde dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 2 ao 10 de novembro de 2019, ambos os dous incluídos
1973/2019	01-10-2019	Concesión de licenza de vao permanente a S.C.T., S.L., na rúa Polígono 26, O Temple
1974/2019	01-10-2019	Solicitud axuda emerxencia social alimentos de M.C.G.T.
1975/2019	01-10-2019	Solicitud axuda emerxencia social vale de alimentos de I.P.R.
1976/2019	01-10-2019	Aprobación do programa Son de Bares
1977/2019	01-10-2019	Recoñecemento de obrigas correspondentes aos premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2019
1978/2019	01-10-2019	Autorización ocupación espazo público no lateral de ABANCA, parroquia Cambre, para colocar unha carpa e unha mesa de 3x3 metros co fin de divulgar o proceso participativo "Decidámolo Xuntos 2019"
1979/2019	01-10-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 141.077,27 euros
1980/2019	02-10-2019	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 7 de outubro de 2019 (errónea)
1981/2019	02-10-2019	Resolución declarativa de situación de excedencia por prestación de servizos no sector público.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1982/2019	02-10-2019	Reparto horario para uso de locais de ensaio musical. Período outubro 2019 a marzo 2020
1983/2019	02-10-2019	Solicitude axuda de emerxencia social alimentos de T.P.A.S.
1984/2019	02-10-2019	Axudas por emerxencia social alimentos M.T.T.
1985/2019	02-10-2019	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comision Especial de Contas do día 07.10.2019
1986/2019	02-10-2019	Concesión de permiso a A.K.,S.L., para ocupación de 20 m ² da vía pública cunha terraza durante o segundo semestre do ano 2019, na rúa Ánxel Fole, 1, O Temple, Cambre
1987/2019	03-10-2019	Resolución de admitidos curso monitor comedor escolar 2019
1988/2019	03-10-2019	Resolución de admitidos actividades extraescolares curso 2019/2020 - 1º trimestre
1989/2019	03-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Bandebó, Brexo. Propiedade: F.R.V. e S.S.S.
1990/2019	03-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Bandebó, Brexo. Propiedade: J.P.S.
1991/2019	03-10-2019	Denegación axuda alimentación Z.Y.E.M.
1992/2019	03-10-2019	Desestimación do recurso de reposición interposto por J.L.R.L. contra a resolución núm. 1537/2019, do 29 de xullo, pola que se declarou a ineficacia da comunicación previa presentada para a construción dun muro de perpiaños nos lindeiros norte e leste dunha finca sita en Carballás, Pravio
1993/2019	03-10-2019	Aprobación listaxe admitidos Finde Surf
1994/2019	03-10-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Bandebó, Brexo. Propiedade: Herdeiros de E.P.S.
1995/2019	03-10-2019	Reintegro parcial da contía percibida polo exceso da axuda en concepto de pagamento anticipado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao aberio da orde do 16/03/2018 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na C.A.de Galicia correspondente aos exercicios de 2018 e 2019. (DOG nº 61 de 27/03/2018), do curso nº 1599 montaxe e mantemento de instalacións solares térmica
1996/2019	03-10-2019	Aprobación da xustificación e proposta de pagamento das subvencións municipais 2018

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia